XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE FAI PÚBLICA A OFERTA DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS NO EXTERIOR.

Atendendo ao establecido na disposición adicional segunda da Orde do 4 de xuño de 2015 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2015/16 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión (DOG 16 de xuño), esta Dirección Xeral,

RESOLVE, ofertar as seguintes prazas no exterior:

País	Rexión	Data	Nº de prazas	Destinatarios
Francia	Amiens	Do 02 de novembro ao 27 de novembro de 2015	5	PES

Obxecto das prazas:

A actividade de formación está encamiñada á integración do profesorado seleccionado nun centro de Educación Secundaria, en Francia durante o período indicado.
O profesores e profesoras participarán activamente na vida diaria do centro educativo adxudicado, nas diferentes clases na lingua estranxeira e nas seccións bilingües francés/castelán e nas celebracións e festividades que realice o centro de destino.

Seguindo o procedemento da orde de convocatoria:

As persoas interesadas deberán cumprir cos requisitos mencionados no artigo 3 da convocatoria da Orde do 4 de xuño de 2015 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2015/16 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión (DOG 16 de xuño).

Documentación a presentar para as prazas de Francia:

1. Solicitude utilizando o modelo do Anexo II da mencionada Orde para a modalidade 6.
2. Certificación acreditativa de dispor do nivel B2 na lingua estranxeira do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), agás para o profesorado especialista.
3. Anexo VI da orde cuberto e asinado.
4. Proxecto do plan de perfeccionamento que se pretenda acometer con base na lingua estranxeira que se vaia perfeccionar, segundo o estipulado na citada orde.

5. Compromiso de formar parte dun irmandamento co centro de acollida e participar en futuras actividades que se levarán a cabo coa Académie d´Amiens ao longo do curso 2015-2016.
6. Unha presentación en lingua francesa sobre o sistema educativo español en xeral e do sistema educativo galego en particular, facendo fincapé en aspectos culturais e relacionados cos programas de bilingüismo e promoción das linguas estranxeiras levados a cabo no seu centro.

Aloxamento:

O aloxamento será xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e será en casa de familia. O importe do aloxamento e das 3 comidas será de 550 euros, que correrá a cargo da persoa seleccionada.

Desprazamento:

O profesorado seleccionado deberá organizar a súa viaxe dende o seu domicilio ata o aeroporto de destino. As persoas seleccionadas, no seu caso, poden solicitar un reintegro para os desprazamentos segundo a ORDE do 12 de xuño de 2015 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2015. (DOG do 25 de xuño). O prazo de presentación será de polo menos 10 días de antelación con respecto á data do comezo da actividade.

O prazo de solicitude remata o 4 de setembro de 2015.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2015.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA - DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Manuel Corredoira López